



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

CERTIFICADO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 24 de novembro de 2016, adoptouse o acordo seguinte:

"Punto 7.- Ratificación da "Declaración de M^a Pita" a respecto da creación da Área Metropolitana da Coruña

"O día 20 de outubro de 2016 asínoise no Pazo de María Pita da Coruña unha declaración asinada polos alcaldes e alcaldesa dos Concellos da Coruña, Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada, que constitúe o embrión da futura Área Metropolitana da Coruña.

Este proceso de conformación da área metropolitana debe ter continuidade, polo que logo da sinatura por parte dos alcaldes e alcaldesa dos Concellos sinalados procede agora a ratificación deste documento coñecido como a "Declaración de María Pita" por parte dos plenos de cada un deles.

Este goberno municipal considera a Área Metropolitana básica para poder levar a cabo estratexias comúns xerando diagnósticos, iniciativas de planificación, xestión de servizos e accións de carácter supramunicipal e de rango metropolitano, tal e como se salienta na nomeada declaración, polo que se debe de concretar tamén a nivel xurídico a aprobación dunha Lei da Área Metropolitana da Coruña, que defina tódolos seus aspectos, e que tramitará a aprobara o Parlamento de Galicia.

Seguindo os pasos necesarios cara a súa conformación, unha vez que o Concello da Coruña, na súa sesión plenaria que tivo lugar o pasado 7 de novembro de 2016, acordou por maioría ratificar a devandita "Declaración de María Pita" manifestando a vontade política de impulsar o proceso de conformación do Área Metropolitana da Coruña, procede que polo Pleno do Concello de Oleiros se ratifique esta declaración e se inste ó Concello da Coruña a que continúe o proceso de conformación, facultándose finalmente ó alcalde do Concello para que execute o acordo adoptado.

Xa que logo, proponse ó Concello Pleno a adopción do acordo seguinte:

Primeiro.- Ratificar a "Declaración de María Pita", asinada o pasado 20 de outubro de 2016.

Segundo.- Instar ó Concello da Coruña para que continúe o proceso cara a constitución da Área Metropolitana da Coruña, de conformidade co art. 122 da lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.

Terceiro.- Facultar ó alcalde para a execución de tódolos trámites necesarios cara a cumprir este acordo."

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta;
Oleiros, 25 de novembro de 2016.-

Vº e Prace

O alcalde,

Ángel García Seoane

Praza de Galicia, nº 1 - Telf.: 981.61.00.00 - Fax: 981.63.10.29 15173 Oleiros (A Coruña)